

## UNIDADES DIDÁCTICAS PARA O TRABALLO COS USUARIOS DO CENTRO

A duración das unidades didácticas para os rapaces recomendamos que non sexa superior a 60 minutos, para que non perdan o interese e diminúa a súa atención. Outra das referencias que non debemos perder é que esta experiencia é unha primeira aproximación, polo que dificilmente poderemos entrar en profundidade nos temas que imos propoñer.

PANEL DE AVALIACIÓN DIARIO										
NOMES	DÍA	DÍA	DÍA	DÍA	DÍA	DÍA	DÍA	DÍA	DÍA	DÍA
										
										
										
										
										

A carón do panel teremos suficientes cantidades das tres caras que seleccionamos; cada día antes de marchar da sala cada un deberá escoller a cara que mellor reflicta como se sentiu na sesión e pegala na súa cuadrícula do día correspondente.



## UNIDADE DIDÁCTICA I: CONCEPTO DE SEXUALIDADE

### OBXECTIVOS

- Coñecer cal é o seu propio concepto de sexualidade e o interese que este esperta.

### CONTIDOS

Concepto de sexualidade de cada un.

### METODOLOXÍA:

#### **Dinámica I:** ¿Para que estamos aquí?

Faremos unha pequena presentación do taller, comentando que durante algunhas semanas imos reunirnos (sempre o mesmo día e sempre á mesma hora) para falar, aprender e compartir cuestións relacionadas coa sexualidade. É importante que o grupo saiba que tanto o centro como os familiares coñecen e están de acordo coa actividade.

#### **Dinámica II:** Fotograma.

Estendemos polo chan un considerábel número de fotografías de revistas de todo tipo e colocámolas de xeito circular no centro da aula. Acompañamos a dinámica con música relaxante. Indicamos aos participantes que empregaremos uns minutos observando as imaxes na procura daquela ou daquelas (poderán coller todas cantas precisen) que lles suxiran sexualidade, sempre desde o seu propio pensamento, e reforzaremos o feito de que todo vale. Para poder velas todas, o grupo porase de pé e xirará nun mesmo sentido; cando xa as teñan seleccionadas visualmente non as collen, senón que se afastan do círculo para agardar que os/as compañeiros/as rematen a súa selección. Unha vez que todos as teñamos seleccionadas mentalmente, será o momento de recollelas do chan. Neste momento a consigna será que se algunha persoa retirou do chan a foto que outra tiña seleccionada non hai maior problema, xa que cando sexa a súa quenda poderá pedirlla. Unha vez que todos/as teñamos os fotogramas na man, sentaremos en círculo e, por quendas, cada un/unha irá ensinando os fotogramas seleccionados e explicando ao grupo por que esas imaxes lle suxiren sexualidade.

O/a coordinador/a irá anotando na folla de rexistro diaria os comentarios de cada un dos/as participantes.

A medida que vaian falando iremos plasmando nun panel os seus comentarios colocados en tres columnas

IDENTIDADE SEXUAL	AFECTIVIDADE	DESEXO SEXUAL

O/A coordinador/a tamén escollerá o seu fotograma e o compartirá cando todos/as acabaran de explicar o seu. Na súa explicación deberá presentar o concepto de sexualidade como algo global que afecta ao individuo e sobre todo como algo positivo.

#### **Dinámica III:** ¿De que queremos falar?

Faremos unha rolda onde cada un irá dicindo de que quere que falemos durante as sesións. É importante indicar que non repitan o que din os compañeiros, xa que teñen bastante tendencia a facelo, ben por pereza ou ben por dificultade. O/A coordinador/a deberá insistir un pouco en que cada un/unha diga algo propio. Se non se consegue, non insistiremos máis e daremos por válido o que a persoa queira dicir.

**RECURSOS:** O recurso principal de hoxe será moita paciencia, xa que nas primeiras sesións é bastante común a risa nerviosa e que o grupo se amose inqueda ante o tema; a medida que vaian pasando os días este nerviosismo irá desaparecendo. As fotografías e a música.

**AVALIACIÓN:** Rexistro diario da sesión. É importante recoller o nivel de risa nerviosa nas primeiras sesións e se esta vai diminuindo co tempo. Non nos esquezamos de pegar a cara do día no panel de avaliación diario.

## UNIDADE DIDÁCTICA II: CUESTIÓNS DE SEXUALIDADE EN XERAL.

### OBXECTIVOS

- Avaliar o nivel de coñecementos que teñen sobre a sexualidade.

### CONTIDOS

Nivel de coñecementos do grupo sobre os aspectos relacionados coa sexualidade.

### METODOLOXÍA:

#### ***Dinámica I:*** "O Sexuality".

Descubrimos o panel do "sexuality" e colocámolo no chan. Explicamos as regras do xogo. Dividimos a clase en tres grupos, cada un deles cun nome relacionado coa sexualidade que inventarán eles/as mesmos/as. A cada grupo correspóndelle unha tirada e sairá primeiro o grupo que saque maior número no dado despois da primeira tirada.

Cada vez que o grupo caia nunha casa onde apareza o pantasmaña corazón ou o pantasmaña con caixas, deberán responder a unha pregunta (documento 2 e 3 segundo sexa o grupo de moderados ou leves).

Cada vez que o grupo caia nunha casa co pantasmaña coa carpeta amarela, o grupo deberá facer unha proba (documento 4).

Cada vez que o grupo caia na casa do pantasmaña anoxado, o grupo deberá regresar á casa de saída.

Nos casos das preguntas todos os grupos deberán estar moi atentos, xa que pode haber rebote.

Os coordinadores deberán de estar moi atentos aos líderes de cada grupo e observar quen responde ás preguntas. No caso de que sempre sexa a mesma persoa, deberán cambiar a forma de responder, indicando que en vez de resposta por grupo sexa resposta por persoa e con dereito a rebote. En último caso pódese recorrer á resposta a man alzada ante a cuestión de ¿quen o sabe?.

Cando remate o tempo deixamos o panel para continuar na seguinte sesión.

**RECURSOS:** Panel do sexuality, dado xigante, documentos 2, 3 e 4 coas preguntas e as probas.

**AVALIACIÓN:** Rexistro diario da sesión. É importante recoller o nivel de risa nerviosa nas primeiras sesións e se esta vai diminuindo co tempo. Non nos esquezamos de pegar a cara do día no panel de avaliación diario.

## UNIDADE DIDÁCTICA III: CUESTIÓNS DE SEXUALIDADE EN XERAL II.

### OBXECTIVOS

- Avaliar o nivel de coñecementos que teñen sobre a sexualidade.

### CONTIDOS

Nivel de coñecementos do grupo sobre os aspectos relacionados coa sexualidade.

### METODOLOXÍA:

Dinámica I: "O sexuality"

Seguro que nos quedaron unha morea de preguntas no tinteiro, polo que nesta terceira sesión continuaremos co sexuality, se a dinámica funcionou ben, claro.

**RECURSOS:** Panel do sexuality, dado xigante, documentos 2, 3 e 4 coas preguntas e as probas.

**AVALIACIÓN:** Rexistro diario da sesión. É importante recoller o nivel de risa nerviosa nas primeiras sesións e se esta vai diminuindo co tempo. Non nos esquezamos de pegar a cara do día no panel de avaliación diario.

## UNIDADE DIDÁCTICA IV: IDENTIDADE .

### OBXECTIVOS

- Coñecer un pouco máis os xenitais e nomealos.
- Identificar a nosa personalidade e como esta nos diferencia dos demais.

### CONTIDOS

Corporeidade e identidade sexual. Como somos por fora (físico) como somos por dentro (personalidade).

### METODOLOXÍA:

#### ***Dinámica I:*** "Pinta e coloreá"

Imos pintar e colorear os nosos xenitais. Os coordinadores permitirán que cada un faga o debuxo ao seu xeito e apoiará a aqueles que o precisen.

Despois ensinaremos os debuxos dos xenitais (documento 7) e pasaremos a nomear as parte que estamos observando, ben en transparencia ou ben en cartel. Deixaremos que o grupo as nomee con palabras comúns e, ao rematar, forneceremos as palabras máis técnicas: pene, testículos, vulva, vaxina, etc., que os coordinadores intentarán empregar sempre que durante calquera das sesións teñamos que referirnos aos xenitais.

#### ***Dinámica II:*** "A nosa caixa persoal"

Trátase de facer un colage con aquelas fotografías que mais lles gusten sacadas de revistas, tamén poden aportar fotos dos seus álbumes persoais. Os/as participantes pegarán estas fotos na parte exterior da caixa, é importante resaltar que a caixa é individual e que os representa xa que alí porán as cousas que mais lles gusta. Unha vez rematada a caixa faremos unha rolda ordenada para que todos podan ver as caixas dos demais e ao rematar haberá un turno para que podan falar delas, aproveitarán tamén para falar das súas fortalezas e das cousas positivas, si se quedan bloqueados se poderá animar aos compañeiros para que digan cousas positivas da persoa que está presentando a súa caixa aos demais.

#### ***Dinámica II:*** A bandeira persoal.

Repartimos un exemplar da bandeira persoal en branco (documento8) a cada participante. Explicamos que o obxecto da dinámica é continuar coñecéndonos. Para iso indicamos que imos facer a nosa propia bandeira con aquilo que nos representa; igual que as bandeiras representan ós países, esta represéntanos a nós.

No primeiro recadro pintarán o máis importante na súa vida.

No segundo recadro debuxarán o que lles da máis medo.

No terceiro o que máis desexan na vida.

No cuarto a súa cor favorita.

No quinto a persoa máis importante (famoso ou do seu contorno).


E no sexto o que conseguiron por eles mesmos e do que están máis orgullosos/as.

Unha vez rematada a bandeira pasamos a compartila co resto do grupo e despois a pegamos dentro da caixa.

**RECURSOS:** ceras duras. Documento 7. Documento 8. Tixeiras, caixas de zapatos, revistas dos semanales e pegamento.

**AVALIACIÓN:** Rexistro diario da sesión.

## Documento 1



## Documento 2.

Preguntas Sexuality 

De coñecementos.

- ¿Quen é un gai?
- ¿Quen é unha lesbiana?
- ¿Sabes que é a homosexualidade?
- ¿Sabes que é a heterosexualidade?
- ¿Que é a SIDA?
- ¿En que parte do noso corpo temos a sexualidade?

Avaliativas.

- ¿Que nos parece cando unha persoa ten máis dun mozo/a?
- ¿Que nos parece cando dous homes se bican porque son noivos?
- ¿Que nos parece cando dúas mulleres se bican porque son noivas?

Actitudinais.

- ¿Se a túa moza ou o teu mozo estivese ligando con outro/a, ti que farías?
- ¿Que farías para que un mozo ou unha moza que che guste se fixase en ti?
- ¿Que fas cando estás triste?

### Documento 3.

Probas sexuality.

- Todo o grupo ten que cantar unha canción relacionada coa sexualidade.
- Concurso de bicos. Temos un barra de labios de cor moi forte para cada grupo, que ten que escoller un representante. Cada representante terá que dar coa súa barra de labios o maior número de bicos durante un minuto. Ao rematar o tempo contaranse os bicos de cada cor e gañará o equipo que máis bicos teña.
- O baile do amor. Terán que cantar unha canción, esta vez cun baile, e tanto a canción como o baile terán que ser o baile do amor.
- O mimo da sexualidade. O grupo nomeará un representante e a súa función será xesticular a palabra que nós lle ensinamos. O seu equipo deberá saber que palabra é. Esta dinámica serve para varias quendas de probas, xa que se pode facer unha palabra por quenda. Este é unha posíbel listaxe de palabras: bico, amor, enfado, embarazo, xemelgos. 🖐️ condón, facer o amor.

### Documento 4.

Preguntas sexuality. 🖐️


- ¿Sabes que é o machismo?
- ¿Sabes que é o feminismo?
- Debuxa o órgano sexual feminino e o masculino.
- ¿En que consiste o divorcio?
- ¿Que é o aborto?
- ¿Poderías dicirme que son os anticonceptivos e dicirme dous tipos?
- ¿Que é un abuso sexual?

Avaliativas.

- ¿Que nos parece a prostitución?
- ¿Que pensas que hai que facer con aquelas persoas que abusan sexualmente dos demais?


Actitudinais.

- ¿Acudirías algunha vez a servizos de prostitución?
- ¿Que fas se a túa moza ou mozo te atopa con outro mozo ou moza?



8-10 AÑOS








14 - 16 AÑOS

**Documento 6.**

Crebacabezas.









**Documento 7.**



Xenitais femininos.



color correspondiente  
color correspondiente



Xenitais masculinos.



**Documento 8.**

A bandeira pessoal

